

**Programación de atención  
educativa  
CURSO 2024/25  
CRA DE MEIS**



# INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## Marco legal

ORDE do 4 de outubro de 1995 pola que se regulan as actividades de estudio alternativas ao ensino da relixión, establecidas polo Decreto 235/1995, do 20 de xullo, para as ensinanzas de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia chegando á conclusión de

As actividades de estudio alternativas ó ensino da relixión teñen como finalidade facilita-lo coñecemento e apreciación de determinados aspectos da vida social e cultural, na súa dimensión histórica e actual, a través do achegamento da análise e do comentario de diferentes manifestacións literarias, plásticas e musicais.

No segundo ciclo da educación infantil, na educación primaria e no primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria estas actividades consistirán na realización, por parte dos alumnos e das alumnas e baixo a supervisión e dirección dun profesor, de tarefas prácticas axeitadas á idade dos alumnos e das alumnas en torno ós aspectos sinalados no apartado anterior.

As ensinanzas alternativas terán o carácter de complementarias e versarán sobre contidos que non estean incluídos no currículo, polo que levaremos a cabo un proxecto de desenvolvemento de intelixencia emocional a cal engloba todas aquelas capacidades que nos permiten resolver problemas relacionados coas emocións e os sentimentos, tanto con nos coma cos demais.

A Administración educativa galega velará para que as ensinanzas de relixión respecten os dereitos de todo o alumnado e das súas familias e para que non supoña discriminación ningunha recibir ou non as devanditas ensinanzas.

## **Contextualización**

Centro situado no Concello de Meis, na península do Salnés.

A área de atención educativa se dará en todas as aulas do CRA: Escola de San Tomé, Escola de Paradela, Escola de San Lourenzo, Escola de San Vicente, Escola de San Martiño e Escola do Marco.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

- Competencia Lingüística: Consequindo que o neno ou nena exprese os seus pensamentos, emocións e opinións, e sexa capaz de dialogar.
- Competencia no coñecemento e interacción co medio físico: facilitando a comprensión de sucesos , a predición de consecuencias, o coidado do medio natural. Supón, así mesmo, demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsable na vida cotiá.
- Competencia social e cidadá: coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e de comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio
- Competencia social e cidadá
- Competencia cultural e artística: coñecendo diversas manifestacións culturais e artísticas .
- Competencia aprender a aprender: Tomando conciencia das propias capacidades emocionais, do que se sabe e de cómo se pode aprender o que non se sabe.

## OBXECTIVOS E CONTIDOS

OBXECTIVOS	CONTIDOS
<p>Recoñecer a expresión de cariño e afecto                      Descubrirse e valorarse                      Recoñecer os propios gustos e preferencias                      Descubrir a importancia dos sentimentos                      Recoñecer as propias emocións                      Empezar a comprender como se deben controlar as emocións</p>	<p>Autocoñecemento</p> <p>As miñas emocións                      Sei expresar o que sinto                      O que senten os demais</p>
<p>Reflexionar sobre o grao de autonomía en algúns hábitos cotiáns                      Asumir as consecuencias dos nosos actos sobre os sentimentos dos demais                      Aprender a controlar condutas                      Axudar aos nenos/as a resolver problemas e tomar decisións de forma independente e responsable                      Saber esperar                      Relaxarse ó través do ton muscular</p>	<p>Autonomía</p> <p>Conseguino!                      Xa non preciso axuda                      As consecuencias do que facemos                      Aprender a facelo só                      Decidimos                      Resolver problemas                      Relaxación</p>
<p>Valorarse como membro dun grupo                      Ter persistencia para superar dificultades                      Expresar calidades e habilidades propias                      Ser flexible                      Ter iniciativa                      Aceptarnos como somos                      Saber defenderse                      Ser capaz de pedir axuda                      Estar contento sendo quen un é</p>	<p>Autoestima</p> <p>Son deste grupo                      Eu podo facelo                      Eu son                      Aceptación dos demais                      Iniciativas                      Necesito axuda                      Gústame como son</p>

<p>Comprender a comunicación non verbal  Identificar estados de ánimo segundo as caras  Comunicarse con mímica  Enriquecer as posibilidades expresivas ó través de estímulos visuais  Respectar quendas de palabra  Entrenar aos nenos/as na comunicación en primeira persoa para responder a situacións conflitivas</p>	<p style="text-align: center;"><b>Comunicación</b></p> <p>Comunicación non verbal  Mímica  Arte  quendas de palabra  Comunicación en primeira persoa</p>
<p>Identifica habilidades sociais e aprender a situalas nun contexto temporal  Utilizar fórmulas de cortesía e agradecemento: Grazas, desculpa e axuda  Iniciar e manter unha conversa enriquecendo e fomentando a expresión e comprensión oral  Identificar hábitos saudables de interacción social  Favorecer o diálogo como medio de entendemento  Tomar a iniciativa na elección de compañeiros de xogo</p>	<p style="text-align: center;"><b>Habilidades sociais</b></p> <p>Fórmulas de cortesía  A conversa e o diálogo  Os erros e as desculpas  OS problemas e a súa solución</p>
<p>Comprender puntos de vista diferentes  Comprender a importancia de demostrar a o outro que o estamos escoltando  Desenvolver a capacidade da escoita  Ser sensible ás necesidades dos demais  Prestar atención aos sons que nos rodean  Aprender a imaxinar o que senten os demais</p>	<p style="text-align: center;"><b>Escoita</b></p> <p>Outros puntos de vista  A quenda na palabra  As necesidades dos outros</p>
<p>Desenvolver a capacidade para escoitar e prestar atención  Comprender e utilizar un determinado vocabulario  Ter capacidade de recoñecer e comprender as emocións en si mesmo e nos demais  Desenvolver a creatividade  Valorar a importancia de identificar o conflito  Valorar o traballo en grupo</p>	<p style="text-align: center;"><b>Solución de conflitos</b></p> <p>Autoconfianza  No lugar do outro  Creatividade  O traballo en grupo</p>

<p>Identificar pensamentos negativos e coñecer alternativas de pensamento positivo. Diferenciarlos</p> <p>Comprender a importancia de fixarse metas e obxectivos</p> <p>Tomar conciencia de como valoramos o que pasa segundo como esteamos por dentro ou o estado de ánimo</p> <p>Valorar a importancia dos desexos para conseguir o que un quere</p> <p>Desfacernos das frases negativas</p>	<p>Pensamento positivo</p> <p>Desfrute da vida</p> <p>Confianza en si mesmo</p> <p>Metas e obxectivos</p> <p>As dificultades: superación</p>
<p>Desenvolver a habilidade para expresar o que se quere e se pensa sen ferir os sentimentos dos demais</p> <p>Aprender a dicir non</p> <p>Aprender a importancia de respectar a os demais para quen os respecte na nos</p> <p>Recoñecer e expresa ros propios sentimentos</p> <p>Aceptamos os nosos erros</p> <p>Verbalizar asp referencias e opinión superando calquera presión do grupo Poñer en prácticas condutas asertivas</p>	<p>Asertividade</p> <p>Sei dicir NON</p> <p>O respecto aos demais</p> <p>Os erros e a súa aceptación</p> <p>Non teño vergoña</p>

Esta sesión semanal é unha estupenda oportunidade para desenvolverse como persoa dende moi cativo, xa que neles os máis pequenos non só se divirten, senon que tamén adquiren numerosos hábitos necesarios para a vida cotiá, ademáis de habilidades sociais, físicas e educativas. De este xeito, son unha favorable e recomendable opción na que os participantes viven moi boas experiencias, enriquecéndose e mellorando en numerosos aspectos.

## PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Teremos tres momentos na avaliación:

- 1.- *Inicial*: no que se detectan os coñecementos previos do alumnado para saber de onde debemos de partir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- 2.- *Continua*: ten lugar durante todo o proceso e ten como obxectivo proporcionar información constante sobre si o proceso se adapta ou non ás necesidades das criaturas permitindo a modificación daqueles aspectos que non funcionen.
- 3.- *Final*: de tal xeito que, ao final do proceso se poida valorar a consecución dos obxectivos propostos.

## INSTRUMENTOS e CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Segundo establecido na lexislación vixente a avaliación será global, continua e formativa, referíndose non só ao alumnado, senón a todos os aspectos do proceso de ensinanza/aprendizaxe (condicións organizativas, recursos humanos e materiais, estratexias metodolóxicas...) Queremos darlle un carácter aberto e flexible de maneira que en función do seu desenvolvemento irase modificando e adaptando ás necesidades e imprevistos que poidan presentar.

O principal instrumento empregado para avaliar será a observación directa e sistemática das respostas dos nenos e nenas as actividades diarias, servíndonos de instrumentos tales como anecdotarios, listas de control e diario de aula. Non se pretende avaliar a partir dos obxectivos propostos, xa que o neno e nena está evolucionando en diferentes ritmos de aprendizaxe. Valoraremos positivamente todos os avances que fagan e intentaremos reconducir actitudes ou condutas pouco adecuadas.

Neste programa se propoñe como exemplo de criterio de avaliación en relación tanto ao alumnado coma o proceso de ensino/aprendizaxe e que servirán para analizar as estratexias e o logro dos obxectivos, dando oportunidade de introducir cambios e modificacións, os seguintes:

- Que os alumnos estean **motivados** de cara as actividades.
- Que as actividades xeren de por si **actividade** e **interese**.
- Que os RRHH e materiais **cumpran** a súa función de forma.
- Que os alumnos acaden os **obxectivos** propostos.



## 1º TRIMESTRE

### AUTOCONHECIMENTO

- ~ Reconece que é un ser único
- ~ Enumera algunhas características propias
- ~ Expressa adecuadamente as súas emocións aos demais
- ~ Manifesta gustos e preferencias
- ~ Reconece as emocións básicas pola expresión facial
- ~ Verbaliza o que sabe facer e o que non sabe facer
- ~ Adecúa as emocións a deferentes situacións
- ~ É capaz de fala sobre o que sente

### AUTONOMÍA

- ~ Expressa o que sente
- ~ Evoca situacións do pasado para situar sentimentos recoñecidos
- ~ Ten en conta os sentimentos dos demais
- ~ Participa nas charlas do educador ou compañeiros
- ~ Reconece algunha conduta propia como problema par resolver
- ~ Sabe esperar par conseguir o que desexa
- ~ Consegue relaxarse tras as pautas do educador

## 2º TRIMESTRE

### AUTOESTIMA

- ~ Expressa as súas necesidades e desexos
- ~ Verbaliza algunha cualidade positiva propia
- ~ Pide axuda cando non sabe facer algo
- ~ Afronta as dificultades e intenta facer cousa
- ~ Reconece se está triste ou enfadado
- ~ Opina e fala espontaneamente nas asembleas
- ~ Defendese se o molestan
- ~ Séntese integrado no grupo da clase
- ~ Expressa os seus logros

## COMUNICACIÓN

- ~ Respecta turnos de palabra
- ~ Interesase polos sentimentos dos demais
- ~ Ponse n lugar do outro
- ~ Dialoga cos seus compañeiros
- ~ Mostra desacordos en primeira persoa
- ~ Expresase en público alto e claro
- ~ Transmite mensaxes só con xestos

## HABILIDADES SOCIAIS

- ~ Respecta os turnos da palabra
- ~ Inicia e mantén unha conversa
- ~ Solicita e ofrece axuda
- ~ Amosa agradecemento
- ~ Pide por favor
- ~ Pide desculpas
- ~ Dialoga cos compañeiros

## ESCOITA

- ~ Presta atención cando se lle fala
- ~ Amosa sinais de escoita activa
- ~ Comprende o que senten os outros
- ~ É sensible as necesidades dos demais
- ~ Respecta as quendas de palabra
- ~ Sabe conversar
- ~ Escoita con atención

## 3º TRIMESTRE

### SOLUCIÓN DE CONFLICTOS

- ~ Posúe as destrezas necesarias para resolver conflitos
- ~ Toma decisións
- ~ Pode explicar un problema con claridade
- ~ Recoñece os límites e as normas
- ~ Ten unha actitude positiva fronte aos conflitos
- ~ Pide axuda ao grupo ando a necesita
- ~ Presta axuda
- ~ Valora o traballo en equipo

- ~ Busca solucións

## PENSAMENTO POSITIVO

- ~ Soe ser optimista
- ~ Tolera ben as frustracións
- ~ Supera as dificultades
- ~ Diferenza entre pensamento positivo e negativo
- ~ Comprende a importancia de marcarse metas
- ~ Persiste nunha actividade aínda que lle custe
- ~ Aprecia as cousas positivas que lle pasan
- ~ Expresa desexos adecuados
- ~ Evita frases negativas

## ASERTIVIDADE

- ~ Recoñece os seu erros
- ~ Respecta quendas de palabras
- ~ Fai crítica positiva
- ~ Interesase polos sentimentos dos demais
- ~ Dialoga co compañeiros
- ~ Amosa desacordo cando o considera

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste intre non temos datos de ningún alumno con necesidades educativas especiais. Ao longo do curso, no caso de que xurda unha situación, programarase actividades acorde as capacidades do neno ou nena e complementarase este documento.

## METODOLOXÍA

Ao falar de metodoloxía referímonos aos principios metodolóxicos, as estratexias, a distribución espacial e temporal e aos recursos e materiais.

Entre os **principios metodolóxicos** destacamos:

- Traballar dende unha **perspectiva globalizadora**: a aprendizaxe é un proceso global que permite construír significados da realidade. Supón o establecemento de múltiples conexións neurolóxicas. Esta perspectiva supón: traballar todas as capacidades e contidos das diferentes áreas, planificar actividades que teñan en conta a diversidade de intereses do alumnado, partir

da realidade próxima, dos seus coñecementos previos para avanzar na construción de aprendizaxes significativas.

- Favorecer a **aprendizaxe activa**: o alumnado debe ser o propio protagonista da súa aprendizaxe polo que pontenciaremos a súa autonomía e favoreceremos os procesos de verbalización e toma de decisión durante as actividades e o intercambio e relación cos iguais.

- Potenciar a **aprendizaxe lúdica**: o xogo é eixo, nel xúntase o carácter motivador para establecer relacións significativas. É o recurso metodolóxico por excelencia. O alumnado aprenderá xogando e xogará aprendendo. Todo xogo comezará dende o máis simple ao máis complexo, do máis próximo ao máis afastado e do máis coñecido ao máis descoñecido, alternando actividades de movemento con outras máis tranquilas, e empregando todo tipo de agrupamento: gran grupo e pequeno grupo.

- A **motivación**: é un principio básico no que os obxectivos, contidos e actividades deben responder aos seus intereses e os métodos e recursos terán que ser atractivos.

- Pontenciar a **aprendizaxe individualizada e socializadora**: cada neno ou nena é un ser individual coas súas capacidades, necesidades, intereses e motivacións, pero que necesita da relación cos demais para o enriquecemento da súa persoa.

Como **estratexias de actuación** procuraremos que sexa motivadora, de guía e organizadora.

## CONCRECIÓN DO PLAN TIC

Utilizarase ordenador portátil, e a PDI nas diferentes escolas.

## CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

En relación co plan de convivencia dende a Educación infantil preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- Sensibilizar ao alumnado sobre o seu papel activo e implicación en recoñecer, evitar e controlar os conflitos de convivencia no centro.

- Favorecer a comunicación e toma de decisións por consenso. Favorecer a convivencia dos alumnos e alumnas no centro sen discriminación por razóns de raza, sexo ou calquera outro motivo.

- Previr actitudes e comportamentos agresivos entre alumnos e alumnas e cos adultos.

- Incrementar a cantidade e calidade das habilidades sociais entre os alumnos e as alumnas del centro.

As actuacións que levaremos a cabo co alumnado de educación infantil serán:

- Conduitas responsables
- Habilidades de autonomía
- Dinamización do traballo en grupo
- Técnicas de relaxación e control
- Cumprimento das normas do plan de convivencia

# RECURSOS

## Recursos Humanos

O forman unha mestra. Algunhas actividades, dependendo da súa dificultade técnica, permite a utilización de outras persoas ou axentes educativos. Tamén e de importancia a conexión do centro coas familias, solicitando a colaboración destes cando a actividade o permita.

## Recursos Materiais

Están formados polo equipamento ou infraestrutura (edificios e mobiliario do centro), que neste caso está formado por a zona de almacén das diferentes escolas, xa que non temos habilitado un aula adecuada para tal fin.

Utilizaremos materiais didácticos (todo o elemento de xogo e de traballo válido para desenvolver capacidades e habilidades, e que permite realizar novas aprendizaxes): material de aula, que será o adecuado para desenvolver a expresión plástica, musical, corporal... como material de refugallo, material audiovisual..., tamén serviremos de material curricular (libros de texto e materiais editados cumprindo coa normativa vixente).

Como **material didáctico**, utilizarase na aula todo aquel material ou recurso que contribúa a conseguir os obxectivos de aprendizaxe propostos e que terán que cumprir unha serie de características:

- Debe ser adecuado ao obxectivo que pretende acadar.
- Debe ser de fácil acceso.
- Debe cumprir as normas de seguridade.
- Debe aportar una información correcta.
- Debe reunir o requisito de eficiencia, é dicir, procurarase que responda a varios obxectivos e que varios alumnos/as poidan beneficiarse del ao mesmo tempo.

Os distintos tipos de materiais que poderemos utilizar son materiais de lectura e escritura (papel, pinturas, contos, material bibliográfico diverso, xornal...) material de refugallo (tubos de papel hixiénico, botóns, caixas...) materiais que produzan sons (instrumentos musicais, radio Cd...) materiais que estimulen o gráfico (pinturas, barro, papeis de distintas texturas...) material para observar (láminas de imaxes, lupas...) ferramentas diversas (tesoiras, punzóns...)

# PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PROPIA PROGRAMACIÓN

Esta avaliación terá tamén un carácter continuo e formativo e incluíra referencias a aspectos tales como:

- ~ A organización da aula.
- ~ A relación familia-centro.
- ~ A relación entre profesores.
- ~ A convivencia entre alumnos

Tamén debemos responder ás seguintes preguntas :

- A actividade foi motivadora
- As actividades fóronse desenvolvendo de acordo coa programación.
- Foron suficientes os recursos presentados
- Foi frutífera a coordinación coas outros mestres.
- Avaliei o proceso de aprendizaxe e o de ensinanza.
- O ensino foi individualizado, seguindo os tempos de cada alumno ou alumna.
- Os materiais foron correctos.
- Medíronse os conflitos previamente.

M<sup>a</sup> del Pilar Reboredo Froiz

## ÍNDICE

### Sumario

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
Marco legal.....	3
<i>Contextualización</i> .....	3
CONTRIBUCIÓN DESDE A AREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	4
OBXECTIVOS E CONTIDOS.....	5
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	8
INSTRUMENTOS e CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	8
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	11
METODOLOXÍA.....	11
CONCRECIÓN DO PLAN TIC.....	12
CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	12
RECURSOS.....	13
Recursos Humanos.....	13
Recursos Materiais.....	13
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	14